



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE AGRUPACIÓN DE EDICIÓNS DO CURSO “FC11035 COMO SE XESTIONAN OS FONDOS EUROPEOS AGRÍCOLAS EN GALICIA: ORGANISMO PAGADOR, ENLACE EXTERNO, ESTADÍSTICAS DE CONTROIS E INSTRUMENTOS DE XESTIÓN”

ANTECEDENTES:

1.- Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. ( DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010).

**Asunto:** Agrupacións de edicións do curso FC11035 Como se xestionan os Fondos Europeos Agrícolas en Galicia: Organismo pagador, enlace externo, estadísticas de controis e instrumentos de xestión

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. ( DOG N° 247 do 27 de decembro de 2010), na súa base novena, apartado C dispón” No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que se empregarán os medios de notificación previstos na normativa vixente ás persoas interesadas.”

A vista de que o número de alumnos admitidos no curso de “FC11035 Como se xestionan os Fondos Europeos Agrícolas en Galicia: Organismo pagador, enlace externo, estadísticas de controis e instrumentos de xestión, a celebrar en Pontevedra os días 2 e 3 de febreiro do ano 2011, é inferior ao 50% das prazas convocadas.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1.- Agrupar as dúas edicións do curso “FC11035 Como se xestionan os Fondos Europeos Agrícolas en Galicia:



Organismo pagador, enlace externo, estadísticas de controis e instrumentos de xestión”, a celebrar en Santiago de Compostela os días 23 e 24 de febreiro e, en Pontevedra os días 2 e 3 de febreiro, nunha soa edición a celebrar os días 23 e 24 de febreiro de 2011 en Santiago de Compostela.

2.- - Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2011

O director

Pablo Figueroa Dorrego